



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA CALDEIRAS DE BIOMASA

O luns día 7 de xaneiro saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia sobre as axudas para á creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa do grupo B2 (caldeiras con sistemas de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 250$ litros e $V < 1.000$ litros) e do grupo B3 (caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 1.000$ litros).

BENEFICIARIOS

Persoas físicas, propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles de dereito residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños así como agrupacións de persoas físicas.

GASTOS SUBVENCIÓNABLES

- O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais así como o resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento do sistema.
- O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- O custo do sistema de alimentación do combustible.
- O custo de montaxe e conexión.
- O IVE, cando non sexa recuperable.

CONTÍA DA AXUDA

A intensidade da axuda por proxecto será do **50%**, co límite de **60.000 euros**.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo para presentación de solicitudes da axuda será de **1 MES contado dende o día 29 de xaneiro**.

O Inega publicará na súa páxina web www.inega.gal o listado de entidades colaboradoras, as cales serán as encargadas da tramitación e xustificación da axuda así como tamén da realización da actuación.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 11 de xaneiro de 2019.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE